

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032081	de Fene	Fene	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CBFME01	Fabricación e montaxe	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3020	Operacións básicas de fabricación	2021/2022	6	179	214
MP3020_12	Técnicas manuais básicas de arranque de labra	2021/2022	6	89	106
MP3020_22	Técnicas mecánicas básicas de arranque de labra	2021/2022	6	90	108

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MERCEDES CALVELO TEIJIDO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Prospectiva do título no sector ou nos sectores.

- a) O perfil profesional, dentro do sector produtivo, evoluciona cara a un incremento na toma de decisións propias dos procesos automatizados e a realización de funcións de planificación, mantemento, calidade e prevención de riscos laborais na pequena empresa.
- b) As estruturas organizativas tenden a se configurar sobre a base de decisións descentralizadas, relacións funcionais do traballo en equipo, rotación de postos de traballo e canles de participación.
- c) A evolución tecnolóxica tende a sistemas enerxeticamente máis eficientes, polo uso da electrónica, de automatismos e de novos materiais.
- d) O desenvolvemento de novos campos de produción de calor, entre os que se poden destacar os sistemas de coxeneración, a utilización de paneis solares para a obtención de AQS, as bombas de calor xeotérmicas e as instalacións de biomasa, adquiriu unha extraordinaria importancia.
- e) O mesmo sucede co desenvolvemento de novos campos de produción de frío, entre os que salientan os sistemas de absorción, utilizando a calor residual de instalacións produtoras de calor ou mediante o uso de paneis solares térmicos.
- f) O sector produtivo apunta a unha evolución cara ás competencias relacionadas co emprego das enerxías renovables, sistemas electrónicos que incrementan o rendemento, máquinas con altos rendementos enerxéticos e novos materiais plásticos para o transporte de fluídos.
- g) Os procesos de montaxe e mantemento terán que se adaptar á normativa referente aos tratamentos e á xestión de residuos e de axentes contaminantes.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Normas de seguridade e prevención de riscos	Enumerar os perigos do sector, prevención dos mesmo. EPI	10	8
2	Representación gráfica básica.	Interpretación de plano (Vistas, Cortes, Seccións, Acotación...), simboloxía de procesos de mecanizado. Realización de sinxelos bosquejos.	20	10
3	Operacións básicas manuais de fabricación	Realización de diferentes procesos de mecanizado manual, limado, serrado, tradeado, roscado, trazado. Descrición de ferramentas que compoñen un taller de fabricación mecánica	60	24
4	Verificacións de pezas e conxuntos.	Descrición dos diferentes instrumentos de medida para magnitudes lineais e angulares. Verificación de superficies.	16	8
5	Materiais.	Características e propiedades dos materiais máis empregados en fabricación mecánica. Formas de comercialización.	15	8
6	Realización de operacións mecánicas básicas.	Operacións mecánicas básicas de tradeo, torneadura, fresado, seguindo as especificacións. Coñecer ás máquinas, partes, funcións, mantemento e precaucións na súa utilización	60	24
7	Manipulación de cargas e do produto final.	Analizar os procedementos de movemento dunha carga. Manipulación do produto final, cumprimento das normas de seguridade.	15	8
8	Verificación. Trazabilidade e Calidade.	Control de procesos e de calidade dos produtos	18	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Normas de seguridade e prevención de riscos	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o seu traballo na execución de limadura, serraxe, roscaxe, etc., interpretando a información contida nas especificacións do produto que se vaia mecanizar	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Tivéronse en conta as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridos na organización do traballo
CA1.7 Mantivéronse as zonas de traballo da súa responsabilidade en condicións de orde, limpeza e seguridade
CA1.8 Operouse con autonomía nas actividades propostas

4.1.e) Contidos

Contidos
Planificación das tarefas.
Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais nos traballos de mecanizado.
Medidas de prevención de riscos laborais aplicables.
Normas de prevención de riscos laborais aplicables ás operacións básicas de limadura, serraxe, roscaxe, etc.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Representación gráfica básica.	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o seu traballo na execución de limadura, serraxe, roscaxe, etc., interpretando a información contida nas especificacións do produto que se vaia mecanizar	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse a simboloxía normalizada aplicable en fabricación mecánica
CA1.2 Comprenderonse as instrucións orais e escritas recibidas para a realización do traballo
CA1.3 Extraeuse de follas de traballo, catálogos e outros documentos a información necesaria que permita pór en práctica o proceso de traballo
CA1.4 Explicáronse as operacións que cumpra realizar, de forma que permitan a realización do proceso, axustándose ás especificacións sinaladas
CA1.5 Realizáronse a man alzada debuxos sinxelos que representen os produtos que haxa que obter

4.2.e) Contidos

Contidos
Recepción do plan.
Interpretación do proceso.
Representación gráfica.
Normalización, tolerancias e acabamentos superficiais.
Calidade, normativas e catálogos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Operacións básicas manuais de fabricación	60

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara materiais, utensilios e ferramentas de limadura, serraxe, roscaxe, etc., recoñecendo as súas características e as súas aplicacións	SI
RA3 - Realiza operacións básicas de limadura, serraxe, roscaxe, etc., seleccionando as ferramentas e aplicando as técnicas de fabricación	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Realízase o abastecemento dos materiais necesarios para o proceso de mecanizado
CA2.2 Comprobase que os medios e as ferramentas que se vaian utilizar estean nas condicións de uso que permitan aproveitar optimamente o seu rendemento
CA2.3 Seleccionáronse as ferramentas e os utensilios en función do tipo do material e da calidade requirida
CA2.4 Efectuouse o transporte de materiais e equipamentos aplicando as normas de seguridade requiridas
CA2.5 Realízase o mantemento e o coidado dos medios empregados no proceso logo de finalizado
CA2.6 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais requiridas
CA2.7 Planificáronse metodicamente as tarefas que cumpra realizar con previsión das dificultades e o xeito de superalas
CA3.1 Realízase a preparación e a limpeza das superficies das pezas que haxa que limar, serrar, roscar, etc
CA3.2 Trazáronse e marcáronse as pezas segundo especificacións requiridas ou instrucións recibidas
CA3.3 Manipuláronse e colocáronse as pezas empregando as ferramentas e os utensilios apropiados
CA3.4 Realizáronse as operacións de limadura, serraxe, roscaxe, etc., seguindo as especificacións recibidas
CA3.5 Aplícase a normativa de prevención de riscos laborais na execución das operacións de limadura, serraxe, roscaxe, etc
CA3.6 Realizáronse os traballos con orde e limpeza

4.3.e) Contidos

Contidos
Coñecementos de materiais.
Propiedades e aplicacións.
Máquinas ferramenta manuais.
Mantemento de primeiro nivel dos medios empregados.
Trazado plano.

Contidos

Trazado ao aire.

Ferramentas manuais.

Execución das operacións básicas de limadura, serraxe, roscaxe, etc.

Técnica de aplicación dos métodos de unión.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Verificacións de pezas e conxuntos.	16

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza operacións de verificación sobre as pezas obtidas, tendo en conta a relación entre as características do produto final e as especificacións técnicas	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse e describíronse os instrumentos básicos de medida e control, e o seu funcionamento
CA4.2 Operouse cos instrumentos de verificación e control segundo os procedementos establecidos
CA4.3 Comparáronse as medicións realizadas cos requisitos expresados no plano ou nas follas de verificación
CA4.4 Realizouse o rexistro dos resultados nas fichas e nos documentos axeitados
CA4.5 Reflectíronse nos informes as incidencias observadas durante o control de materias primas, das operacións de mecanizado e das pezas mecanizadas
CA4.6 Realizouse o mantemento de uso dos aparellos utilizados
CA4.7 Operouse con rigor nos procedementos desenvolvidos

4.4.e) Contidos

Contidos
Preparación de materiais para a verificación e o control.
Instrumentos de medida para magnitudes lineais e angulares (calibre, goniómetro, galgas, etc.).
Instrumentos de verificación de superficies planas e angulares.
Procedemento de verificación e control.
Interpretación dos resultados obtidos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Materiais.	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o seu traballo na execución de tradeadura, torneadura, fresaxe, etc., interpretando a información contida nas especificacións do produto que se vaia mecanizar	NO
RA2 - Prepara materiais, utensilios e máquinas de tradeadura, torneadura, fresaxe, etc., recoñecendo as súas características e as súas aplicacións	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse a simboloxía normalizada aplicable en fabricación mecánica
CA1.2 Comprendéronse as instrucións orais e escritas recibidas para a realización do traballo
CA1.3 Extraeuse de follas de traballo, catálogos e outros documentos a información necesaria que permita pór en práctica o proceso de traballo
CA2.1 Realizouse o abastecemento dos materiais necesarios para o proceso de mecanizado
CA2.2 Comprobouse que os medios, as ferramentas e os equipamentos que se vaian utilizar estean nas condicións de uso que permitan aproveitar optimamente o seu rendemento

4.5.e) Contidos

Contidos
Recepción do plan.
Calidade, normativas e catálogos.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Realización de operacións mecánicas básicas.	60

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o seu traballo na execución de tradeadura, torneadura, fresaxe, etc., interpretando a información contida nas especificacións do produto que se vaia mecanizar	NO
RA2 - Prepara materiais, utensilios e máquinas de tradeadura, torneadura, fresaxe, etc., recoñecendo as súas características e as súas aplicacións	NO
RA3 - Realiza operacións básicas de tradeadura, torneadura, fresaxe, etc., seleccionando as ferramentas e os equipamentos, conforme as técnicas de fabricación	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Explicáronse as operacións que cumpra realizar, de xeito que permitan a realización do proceso, axustándose ás especificacións sinaladas
CA1.5 Realizáronse a man alzada debuxos sinxelos que representen os produtos que haxa que obter
CA1.6 Tivéronse en conta as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridos na organización do traballo
CA1.7 Mantivéronse as zonas de traballo da súa responsabilidade en condicións de orde, limpeza e seguridade
CA1.8 Operouse con autonomía nas actividades propostas
CA2.3 Seleccionáronse as ferramentas, os utensilios e as máquinas en función do tipo do material e da calidade requirida
CA2.4 Efectuouse o transporte de materiais e equipamentos aplicando as normas de seguridade requiridas
CA2.5 Realizouse o mantemento e o coidado dos medios empregados no proceso, logo de finalizado
CA2.6 Axustouse o abastecemento de material, ferramentas e equipamentos ao ritmo da intervención
CA2.7 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais requiridas
CA2.8 Planificáronse metodicamente as tarefas que cumpra realizar, con previsión das dificultades e o xeito de superalas
CA3.1 Realizouse a preparación e a limpeza das superficies das pezas aue cumpra tradear, tornear, fresar, etc
CA3.2 Trazáronse e marcáronse as pezas segundo especificacións requiridas ou instrucións recibidas
CA3.3 Manipuláronse e colocáronse as pezas empregando as ferramentas e os utensilios apropiados
CA3.4 Axustáronse os parámetros de mecanizado en función do material, das características da peza e das ferramentas empregadas
CA3.5 Realizáronse as operacións de mecanizado na máquina axeitada, en función do material e da calidade requirida
CA3.6 Realizáronse as operacións de tradeadura, torneadura, fresaxe, etc., seguindo as especificacións recibidas
CA3.7 Aplicouse a normativa de prevención de riscos laborais na execución das operacións de tradeadura, torneadura, fresaxe, etc

Criterios de avaliación

CA3.8 Realizáronse os traballos con orde e limpeza
--

4.6.e) Contidos

Contidos

Interpretación do proceso.

Representación gráfica.

Planificación das tarefas.

Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais nos traballos de mecanizado.
--

Principais ferramentas auxiliares.

Manipulación de cargas.

Mantemento de primeiro nivel dos medios empregados.

Medidas de prevención de riscos laborais aplicables.
--

Ferramentas auxiliares.

Máquinas ferramenta: normas de emprego e utilización.

Execución das operacións básicas de tradeadura, torneadura, fresaxe, etc.

Normas de prevención de riscos laborais aplicables ás operacións básicas de tradeadura, torneadura, fresaxe, etc.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Manipulación de cargas e do produto final.	15

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Manipula cargas na alimentación e descarga de máquinas e sistemas automáticos para a realización de operacións de fabricación, e describe os dispositivos e o proceso	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbense os procesos auxiliares de fabricación mecánica en mecanizado, soldadura, caldeiraría, etc
CA4.2 Analizáronse os procedementos de alimentación e descarga de sistemas automáticos de fabricación mecánica
CA4.3 Descríbense os procedementos de manipulación de cargas
CA4.4 Axustáronse os parámetros de operación segundo as instrucións recibidas
CA4.5 Efectuáronse operacións de carga e descarga de máquinas automáticas segundo as especificacións requiridas
CA4.6 Vixiouse o sistema automatizado para o seu correcto funcionamento, detendo o sistema ante calquera anomalía que poña en risco a calidade do produto
CA4.7 Aplicáronse os requisitos de seguridade na manipulación e no transporte de cargas
CA4.8 Comunicáronse as incidencias xurdidas e rexistráronse no documento apropiado
CA4.9 Aplicouse a normativa de prevención de riscos laborais na manipulación de máquinas e equipamentos
CA4.10 Amosouse unha actitude responsable e de interese pola mellora do proceso
CA4.11 Mantivéronse hábitos de orde e limpeza

4.7.e) Contidos

Contidos
Operacións auxiliares e de carga e descarga.
Sistemas de alimentación e descarga de máquinas.
Sistemas de seguridade empregados nos sistemas de carga e descarga.
Normas de prevención de riscos laborais aplicables ás operacións de carga e descarga de materiais.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Verificación. Trazabilidade e Calidade.	18

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza operacións de verificación sobre as pezas obtidas, tendo en conta a relación entre as características do produto final e as especificacións técnicas	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse e describíronse os instrumentos básicos de medida e control, e o seu funcionamento
CA5.2 Operouse cos instrumentos de verificación e control segundo os procedementos establecidos
CA5.3 Comparáronse as medicións realizadas cos requisitos expresados no plano ou nas follas de verificación
CA5.4 Realizouse o rexistro dos resultados nas fichas e nos documentos apropiados
CA5.5 Reflectíronse nos informes as incidencias observadas durante o control de materias primas, das operacións de mecanizado e das pezas mecanizadas
CA5.6 Realizouse o mantemento de uso dos aparellos utilizados
CA5.7 Operouse con rigor nos procedementos desenvolvidos

4.8.e) Contidos

Contidos
Normalización, tolerancias e acabamentos superficiais.
Calidade, normativas e catálogos.
Preparación de materiais para a verificación e o control.
Instrumentos de medida para magnitudes lineais e angulares (reloxo comparador, calas, galgas, etc.).
Instrumentos de verificación de superficies planas e angulares.
Procedemento de verificación e control.
Interpretación dos resultados obtidos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles

Serán os criterios de avaliación (CA) relacionados coas unidades didácticas establecidas.

En especial:

Organización do traballo. Planificación das tarefas. Orde e limpeza.

Interpretación de planos e documentación técnica sinxelos

Organización das medidas de prevención e de tratamento de residuos.

Fundamentos, técnicas, utensilios, máquinas equipos de traballo e materiais. Coidado e mantemento do lugar e dos equipos de traballo.

Calidade. Execución de operacións básicas e verificación do produto.

Realización das prácticas propostas co mínimo de calidade esixido.

Non se permitirá o acceso a aula ou taller se o alumn@ non se encontra nas debidas condicións para realizar a proba ou actividade correspondente.

O acceso a talleres realizarase cos EPI correspondentes.

Non se permitirá o acceso a talleres se o alumn@ non vai provisto do material de protección necesario

MODALIDADE PRESENCIAL:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cualificarase ós alumn@s na avaliación correspondente ó final de cada trimestre. As probas ou exames de recuperación se realizarán no período establecido de final de curso (Xuño).

É obrigatorio para superar o módulo a entrega de tódolos traballos escritos ou prácticos así como a asistencia e realización de tódolos exames e probas.

Os instrumentos de baremación serán:

- Coñecementos prácticos: realización de traballos de taller, e probas prácticas propostas.
- Coñecementos teóricos: probas escritas, exames, test e traballos propostos.
- Rexistros de observación : tarefas, traballos e exercicios realizados, participación e traballo en equipo. (diario de clase).
- Mantemento dos equipos, orde e limpeza.
- Cumprimento das normas de PRL e medioambientais.
- Organización, puntualidade na entrega das actividades e tarefas, interese polo traballo ben feito, calidade.

Os traballos sempre se entregaran antes da proba ou exame. A non entrega se penalizará (ata cero) e fará nota media cos outros traballos e tarefas así como co exame da materia. Tamén se penalizará a entrega con retraso ou se o traballo non se axusta o formato esixido.

Tódolos exercicios prácticos deberán de ir acompañados da folla de proceso debidamente cumprimentada no momento da súa entrega o profesor.

Se poderán realizar probas practicas sen previo aviso.

Para supera-lo módulo será imprescindible obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos (nunha escala de 0 a 10) na parte práctica e na teórica.

Aspectos avaliados e porcentaxes para a obtención numérica da nota:

- 60% prácticas e probetas realizadas no taller (NP). Un 10% de ese 60 avaliará o cumprimento das normas e medidas de prevención de riscos laborais, orde e limpeza, calidade, traballo en equipo, interese pola tarefa ben feita.
- 40% actividades, test, probas, actividades de documentación e probas escritas realizados no trimestre (NT).

Nota global de avaliación = $(0.6 \times NP) + (0.4 \times NT)$

O sistema de puntuación é como segue: Se o resultado final da nota global de avaliación está comprendido entre: (5 ou nota < 5.5): a nota será un 5; (5.5 nota < 6.5): a nota será un 6; (6.5 nota < 7.5): a nota será un 7; (7.5 nota < 8.5): a nota será un 8; (8.5 nota < 9.5): a nota será un 9; (9.5): a nota será un 10.

A non presentación a un exame ou proba supón automaticamente unha cualificación de suspenso. Con todo, o profesora, tendo en conta as circunstancias persoais do alumno baixo o seu criterio, poderá realizar a repetición do mesmo a aqueles alumn@s que por causa xustificada, mediante documento oficial, non puidesen asistir na data indicada.

Está terminantemente prohibido empregar o teléfono móbil tanto para os exames como nas clases teóricas e prácticas. Copiar nos exames e facer fotos dos mesmos ou grabar as solucións cando se entregan para a súa revisión, suporá un suspenso automático da proba ou exame.

MODALIDADE SEMIPRESENCIAL:

Os criterios serán nos mesmos pero os mínimos esixibles serán modificados dependendo das circunstancias da situación epidemiolóxica, así como, revisarase o número de prácticas a entregar dependendo da temporalidade da asistencia do alumnado ao módulo.

MODALIDADE A DISTANCIA:

Nos mínimos esixibles eliminaranse todos aqueles que sexan os específicos de tarefas no taller.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación faranse de xeito individualizado logo de rematar a 3ª avaliación, no espazo de tempo que quede dispoñible ata os exames finais.

Programaranse para cada alumno en función dos CA's (que sexan mínimos esixibles) que non acade.

Alumnado con avaliacións ou módulo pendente:

Cada alumno/a por medio dun informe individualizado se lle comunicará as diferentes partes que ten que recuperar, podendo ser unha avaliación (completa ou non) o todo o módulo (completo ou non)

As probas a realizar na recuperación serán similares ás da avaliación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, SE FOSE O CASO o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

Aquel alumnado que acade un número de faltas de asistencia igual ou superior ao 10% da duración total do módulo, perderá o dereito a ser avaliado en cada trimestre e terá que facer a proba na avaliación final, no mes de xuño (ou setembro) para superar este módulo.

A proba de avaliación extraordinaria realizarase unha vez terminada a 3ª avaliación e antes da avaliación final.

Nesta proba, o alumnado terá que demostrar que posúe os coñecementos mínimos esixibles de cada un dos bloques de contidos desta programación. Os alumnos con perda de dereito á avaliación continua, realizarán unha proba práctica (que incluírá como mínimo as de maior dificultade realizadas polos alumnos con avaliación continua) outra escrita nas que se examinará dos contidos aparecidos na programación

(coñecementos mínimos esixibles de cada un dos bloques de contidos desta programación) e os engadidos a partir dunhas necesidades didacticas específicas.

Esta proba constará de dúas partes:

1ª parte: proba teórica que versará sobre os contidos de cada unha das unidades formativas do currículo do módulo

2ª parte: proba práctica na que se levará a cabo unha peza que englobe os exercicios realizadas polo alumnado en cada trimestre

A proba práctica ponderará un 60% da nota final, sendo o 40% restante para a proba teórica

Na proba práctica a puntuación farase de xeito porcentual, e decir, si se piden dez exercicios (pezas) cada un delas terá un peso na puntuación dun 10 %, o en todo caso si o nivel de dificultade varia de un a outro, indicárase a o/a alumno/a que porcentaxe ten cada exercicio sobre a nota final.

Calquera acción realizada polo alumno que puxese en perigo a integridade de algún compañeiro ou a súa propia, así como a dos equipos e instalacións do taller será motivo suficiente para o remate da proba.

O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

Dúas convocatorias de recuperación. Unha en xuño e outra en setembro.

As probas de recuperación tanto en xuño coma en setembro, consistente en dúas probas unha proba teórico e outra práctica que se cingirán ós contidos dados durante o curso e que estará baseada nos contidos mínimos esixibles.

A hora e data das proba extraordinaria será publicada coa suficiente antelación no taboeiro de anuncios.

A nota reflexada na acta de avaliación será a suma das notas parciais de cada unha destas variables, aplicando a cada unha delas o seguinte porcentaxe:

Para aprobar o módulo a nota final deberá ser igual ou maior a 5. Así mesmo e requisito indispensable para aprobar o módulo ter en cada un dos apartados unha nota mínima dun 5.

Os criterios de cualificación son idénticos os do apartado 5

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente e de acordo có proceso de mellora docente, se entregará na xefatura do departamento a folha de seguimento de programación que estará en consonancia coa programación de aula. Nela se indicará os motivos polos que non se cumpla o previsto na programación así como as medidas a adoptar para a súa adecuación á mesma.

Na folha de seguimento de programación se indicarán as avaliacións realizadas (data e instrumento empregado). O seguimento de avaliación docente se fará de acordo có proceso de programación, mediante a enquisa ao alumnado trimestral onde se indica a satisfacción do módulo e se detectan posibles problemas para tomar as medidas correctoras necesarias de acordo con xefatura de estudos e o titor/a de grupo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso, unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente celebrará unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a. Nesta avaliación o titor/a dará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo. Realízase unha proba de contidos básicos para ver o nivel, por suposto non ten unha nota numérica. oamente é unha ferramenta para ver o nivel académico dos alumnos.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización

modular na duración das ensinanzas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Os alumnos/as que durante o transcurso do curso non cumpran coas expectativas marcadas polo profesor, o profesor realizará unha atención máis individualizada co alumno/a, ou alumnos/as, esta atención incluíra os seguintes apartados.

- Atención máis individualizada.
- Relización de aqueles traballos nos que non acadou ó mínimo esixible.
- Traballo en equipo con aqueles alumnos máis avanzados.

Estas accións nunca influirán nos contidos mínimos esixidos na programación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do Currículo escolar, e o seu ensino afecta á globalidade do mesmo; non se trata dun conxunto de ensinamentos autónomos, senón máis ben, dunha serie de elementos de aprendizaxe sumamente globalizados.

Partimos do convencemento de que a educación en valores debe impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Ademais de coidar o uso da linguaxe e de revisar coidadosamente os textos e ilustracións para que non conteñan ningún elemento que poida atender contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos, a programación suscita directamente aqueles temas transversais aos que os contidos desenvolvidos se prestan especialmente.

Educación para a saúde. Farase fincapé sobre a importancia do uso correcto da normativa para cumprir os requisitos de seguridade estrutural. Tamén é importante concienciar ao alumnado para que desenvolvan hábitos saudables cando traballan con ordenadores e promover unha participación activa na consecución dun lugar ordenado e un ambiente san e agradable.

Educación moral e cívica. Potenciarase o interese e respecto cara ás solucións constructivas adoptadas por outras persoas, culturas ou épocas para resolver un problema estrutural facendo unha crítica constructiva e tendo en conta o desenvolvemento tecnolóxico.

Educación para a paz. Propóñense os seguintes obxectivos:

Adoptar unha actitude aberta e flexible ao explorar e desenvolver as propias ideas.

Aceptar as ideas, os traballos e as solucións dos demais con espírito tolerante e de cooperación.

Adoptar unha actitude paciente e persévante ante as dificultades e os obstáculos imprevistos.

Mostrar disposición e iniciativa persoal para organizar e participar solidariamente en tarefas de equipo.

Educación ambiental e do consumidor. Valorarase criticamente o impacto social e medioambiental producido pola explotación, a transformación, o desbote de materiais e o consumo de recursos, buscando a solución de menor impacto, facendo un uso racional e adecuado de recursos e da enerxía, e fomentando a reciclaxe de materiais e obxectos.

Fomentaranse actitudes de coidado, protección e respecto polos ecosistemas a través das actividades no medio natural. Ademais, discutirase sobre o uso de materiais naturais ou transformados. Explicaráselles como o impacto da industria sobre o medio ambiente se pode reducir facendo un uso axeitado dos recursos e traballarase o tema da reciclaxe así como a redución do gasto enerxético.



Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. O sector laboral no que poderíamos englobar este ciclo formativo estivo ocupado principalmente por homes. Debemos fomentar a igualdade entre alumnos e alumnas e promover un cambio na actitude social que sitúa ás mulleres nunha posición marxinal neste sector.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Aínda que nun principio no se contempla facer actividades extraescolares relacionados co módulo en cuestión, podería surxir a posibilidade ó longo do curso de facer algunha saída a alguna empresa relacionada cos contidos que se desenrolan neste ciclo formativo ó que pertence este módulo. En caso de organizar algunha saída o alumnado deberá facer un traballo explicativo relacionado coa visita.